



ENTROIDO 2014

DESFILE- CONCURSO

BASES

BASE PRIMEIRA

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Cultura, organiza o Desfile Concurso de Entroido 2014 que se celebrará **o martes de entroido, 4 de marzo do 2014, con saída ás 17:30 horas da Praza de San Bernardo** ("Esquina Famosa"). O percorrido será: Praza San Bernardo - Rúa Galicia - Avda. Rosalía de Castro - Alameda.

En caso de choiva o desfile-concurso quedará aprazado para o domingo 9 de marzo, ás 17:30h.

BASE SEGUNDA: Prazo e forma de inscrición.

O prazo de inscrición para o Desfile-Concurso de Entroido 2014 será entre os días 5 ó 25 de febreiro, ambos incluídos, en horario de 9:00h a 14:00h de luns a venres e de 10:00h a 13:00h. os sábados.

A solicitude farase no impreso correspondente (ANEXO I) que estará dispoñible nas oficinas do Concello da Guarda e na páxina web www.aguarda.es.

Esta solicitude deberá presentarse **xunto á documentación necesaria (BASE TERCEIRA), no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo e horario establecido.**

Poderán remitirse inscricións por vía postal, estas deberán ser selladas na oficina de Correos sobre o propio impreso de solicitude, de xeito que quede constancia da entrega dentro do prazo establecido. Para garantir este feito rógase adiantar por fax a copia da solicitude sellada na oficina de Correos

Ó igual que o resto das solicitudes, só terán validez se van acompañadas da documentación requirida.

BASE TERCEIRA: Documentación necesaria

Para ser efectiva a inscrición, **xunto co formulario de inscrición** entregárase a seguinte documentación:

- **Maiores de idade:** Fotocopia do DNI.
- **Menores de idade:** Fotocopia do DNI da nai, pai, tutor/a e autorización para participar no concurso (ANEXO II)
- **Grupos, carrozas e comparsas:** só se presentará o DNI da persoa representante e se indicará o nº de participantes. No caso de participar menores deberá entregarse unha autorización do pai, nai ou titor/a por cada menor. *Cando tódolos integrantes sexan menores, o representante do grupo será un dos pais.*
- **Asociacións:** documento acreditativo da mesma (estatutos ou tarxeta de identificación fiscal).

BASE CUARTA: Modalidades e Categorías.

CON OPCIÓN A PREMIO :

CARROZAS : Grupo de alomenos 6 persoas representando algún tema enriba dun ou varios móbiles (carro, tractor, motocultor...). O condutor poderá ou non ir incluído, deixándose a criterio dos participantes.

COMPARSAS: Grupo mínimo de 10 persoas.

GRUPOS: Grupo entre 3 e 9 persoas.

INDIVIDUAL-PARELLAS: Inclúense nesta modalidade, ademais dos disfraces individuais, as parellas que desexen participar. Esta modalidade divídese en dúas categorías, en función da idade.

- **INFANTIL**, ata 12 anos
- **XUVENIL-ADULTO**, a partir de 13 anos.

No caso de parellas na que un dos participantes teña máis de 12 anos considerárase na categoría xuvenil-adulto.

MODALIDADE FÓRA DE CONCURSO:

A participación no desfile queda aberta a aquelas persoas que aínda que non presentaran solicitude a través do Rexistro Xeral queiran sumarse a esta celebración de Entroido. Esta participación non terá opción a premio.



ENTROIDO 2014

DESFILE- CONCURSO

BASES

BASE QUINTA: **Requisitos para participar no concurso.**

- 1) Presentar a solicitude cumprimentada xunto coa documentación no Rexistro Xeral do Concello no prazo e forma establecidas, segundo a base segunda.
- 2) Estar puntualmente ás 16:30 horas no lugar indicado para a saída do desfile, onde ocupará o seu posto correspondente, indicado polo persoal da organización. Non estar situado no posto asignado no momento da saída poderá ser motivo para a descualificación do concurso.
- 3) No transcurso do desfile o concursante deberá colocar o dorsal facilitado preferentemente na espalda, para que o xurado poida tomar nota da súa participación.

BASE SEXTA: **XURADO E CUALIFICACIÓN.**

- 1) A cualificación, en cada unha das modalidades e categorías, será determinada polo Xurado do concurso, que estará formado por un Presidente -Concelleiro de Cultura ou persoa na que delegue- e tres vogais en representación das entidades socioculturais de A Guarda, nomeados pola Concellería de Cultura.
- 2) O Xurado na súa avaliación terá en conta factores como a orixinalidade, a posta en escea, maquillaxe, vestuario e traballo.
- 3) Unha vez feita a avaliación polo Xurado, farase público o resultado no acto de entrega de premios.
- 4) O Xurado poderá determinar a concesión de accésits, se así o considera oportuno.
- 5) O Xurado poderá declarar deserto algún dos premios.
- 6) O Xurado terá a capacidade de determinar se os inscritos como carrozas cumpren as condicións para ser consideradas como tales.
- 7) A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do Xurado inapelable.

BASE SÉTIMA: **PREMIOS, CONTÍA E PROCEDEMENTO DE PAGO.**

O fallo do xurado e a entrega dos premios darase a coñecer o mesmo día do desfile ao remate do mesmo, na Alameda da Guarda. A contía dos premios é a que segue:

	CARROZAS	COMPARSAS	GRUPOS	INDIVIDUAL XUVENIL-ADULTO	INDIVIDUAL INFANTIL
1º PREMIO	500€	500€	200€	100€	100€
2º PREMIO	400€	400€	100€	80€	80€
3º PREMIO	250€	250€	80€	60€	60€
4º PREMIO	150€	150€	60€	40€	40€
ACCÉSIT	100€	100€	50€	30€	30€

Para proceder ó cobro dos premios os premiados deberán achegar a seguinte documentación **no prazo de 10 días tralo desfile (14/03/2014)**:

- Certificado de titularidade da conta bancaria a nome do premiado (expedida pola entidade), ou fotocopia compulsada da libreta). En caso de menores de idade o titular deberá ser o pai /nai ou titor que autorizou a participación, ou que foi como representante do grupo
- Fotocopia compulsada do DNI do premiado ou do seu pai/nai ou titor.
- Fotocopia da inscrición no desfile. En caso de participación de menores, deberán achegarse as autorizacións de participación no desfile.

Co fin de axudar e axilizar a tramitación, a documentación necesaria que xa fora aportada ó Departamento de Cultura para inscrición no desfile non haberá que achegala novamente.